



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**LUGAR:** Casa do Concello

**DATA:** 9 de xullo de 2014

**HORA DE COMEZO:** 13.40 horas

**HORA DE REMATE:** 15.00 horas

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga  
Don Antonio González Barral  
Dona María Dolores García Couto  
Dona Sonia Rodríguez Midón  
Dona Adela Redondo Rendo  
Don Jesús Neira Varela  
Don Xabier Canabal Fernández  
Don Perfecto Barcala Mosquera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Cambio das sesións ordinarias do Pleno**
- 3. Entrega medalla ouro**
- 4. Designación nome do Centro Municipal Primeira Infancia**
- 5. Aprobación modificación presupostaria número 2**
- 6. Informe morosidade primeiro trimestre 2014**
- 7. Moción número 1100 do PS de G**
- 8. Información da Alcaldía**

- 9. Moción urxente**
- 10. Rogos e preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

Co voto a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 14 de maio de 2014.

### **2.Cambio das sesións ordinarias do Pleno**

O pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2012 acordou celebrar as sesións plenarias ordinarias os segundos mércores dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro ás 13:30 horas.

Por razóns persoais dos Concelleiros, procede establecer as celebracións das citadas sesións en horario de tarde – noite polo que se propón que teñan lugar ás 20.00 horas.

O señor Canabal di que: “despois do que levamos dito en todas, ou case todas, as sesións anteriores, pouco que engadir.

Paréceme unha hora moito máis sensata para poder asistir, e tamén para que poidan acudir os veciños que lle interese cando se debata algún punto que poida ser “de importancia”.

O señor Barcala di que se alegra de que por fin o equipo de goberno lle dea a razón nunha reclamación que ven facendo desde que tomou posesión, fai agora un ano. Segue dicindo o señor Barcala que é a hora máis axeitada para todos agás para os funcionarios e a prensa, pero nisto sempre ten que saír alguén prexudicado .

Un concello, co seu alcalde á cabeza, ten que estar sempre ó servizo dos seus veciños e perseguir o mellor para eles e non ó revés, pensar que os veciños teñen que estar ó servizo do alcalde e do seu equipo de goberno. Este horario pode facilitar a asistencia ós plenos que é un dereito que teñen os nosos veciños e que a min (di o señor Barcala) me gustaría, que a participación veciñal fose habitual e normal.

A señora García Fraga cree que o horario non repercute na asistencia dos veciños, posto que houbo épocas nas que os plenos se facían pola noite e non asistía ninguén e noutras sesións que tiveron lugar ás 13.30 horas estaba o salón de plenos completo de asistentes.

Sen máis procédese coa votación e co voto a favor de todos os presentes acórdase:

1. Celebrar as sesións ordinarias plenarias os meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro ás 20.00 horas.
2. No caso de coincidir en día festivo, a sesión plenaria ordinaria terá lugar o mércores seguinte do mesmo mes ás 20.00 horas.

### 3. Entrega medalla ouro

Neste momento cando son as 13.55 h. entra no salón de plenos a Concelleira dona Sonia Rodríguez Midón.

O pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 9 de maio de 2012 acordou conceder a medalla de ouro ao mérito empresarial a don Orlando Vázquez Fernández.

O capítulo V, nos seus artigos 13, 14 e 15 do Regulamento de Condecoracións, Honras e Distincións do concello establece que a medalla de ouro de Boqueixón ten a consideración de condecoración municipal e reservase a súa concesión aos casos máis excepcionais de méritos extraordinarios que concorran en personalidade polos seus méritos e servizos prestados no municipio. O outorgamento desta **condecoración**, quedará referendado polo acto de entrega dos correspondentes **diplomas** e medallas de solapa se a houbese.

As medallas axustaranse ao modelo oficial que o concello ten regulado: Forma redonda e cun diámetro de 6 centímetros.

O acto de entrega terá a mesma solemnidade que as demais distincións ofrecidas polo concello, polo que se propón celebrar unha sesión o día 23 de agosto ás 12.00 horas.

O señor Canabal di que compre facer algunha matización a esta proposición.

En primeiro lugar recordar aos Concelleiros da Corporación que na mesma sesión plenaria tamén aprobamos unha moción na que se instaba:

-Ás compañías de telefonía para que deran cobertura 3G en todo o territorio do Concello.

-Ao Concello para que establecera en todos os centros socioculturais do concello a disposición dalgún ordenador con rede, e a dotación de todos os centros de rede wifi aberta para o uso por parte do tecido asociativo e dos veciños en xeral.

Disto non sabemos nada aínda, e iso que o investimento en ambos os casos sería “0”. Mais o equipo de goberno terá que vencer a súa desidia e a súa vagancia, para dar cumprimento aos mandatos deste plenario.

Mais imos estritamente á entrega da medalla de ouro.

Non é certo que na sesión plenaria de 9 de maio de 2012 se acordase conceder a medalla de ouro ao mérito empresarial a don Orlando Vázquez Fernández, ou cando menos, non é completamente certo de todo. Senón repasen a acta daquel día, no seu punto 10 rezaba: **“Concesión da medalla de ouro ao mérito empresarial a don José Santos Couto e a don Orlando Vázquez Fernández”**.

Polo tanto, supoño que terán que acreditar por escrito o porqué non se lle concede ao final a medalla a don José Santos Couto. (Certo é que coñecemos o porqué, en versión dada polo ex-alcalde), mais sendo rigorosos, hai que acreditar por qué non se lle fai entrega da medalla de ouro ao mérito empresarial a don José Santos Couto.

Aínda que o voto fora positivo, dicía daquela:

*“...se isto vai a servir de coartada, ou como cortina de fume aos puntos 2 e 3 desta orde do día (en relación á concesión do abastecemento de auga) e do punto 8 (dos orzamentos para 2012), entón si que recomendo que saquen este punto da orde do día e o deixen para outro pleno, porque nin un nin o outro se merecen verse involucrados nestes temas de grande calado e grande controversia partidaria.*

*E polo demais, á espera de poder ver a xustificación vital e empresarial que leva ao concello, ou mellor dito, ao grupo de goberno a aprobar estas medallas. Porque é certo que teñen unha traxectoria empresarial interesante, pero esta hai que acreditarla no acordo de concesión.*

*Porque lle daremos unha medalla ao Sr. Santos pola contribución empresarial, xeración de emprego, dignificación do nome do concello... e non pola súa contribución ao Partido Popular.*

*Polo tanto redacten un manifesto que poña en valor esta traxectoria empresarial (números de empregos xerados, levar o nome de Boqueixón como signo das súas empresas...) e despois non terei ningún problema en acreditar e apoiar estes nomeamentos honoríficos.”*

Pois ben, se despois de máis de dous anos non foron quen de facer unha encomia ou laudatio das medallas de ouro ao mérito empresarial, e tampouco acreditar o porqué non se lle da a medalla ao Sr. Santos...

É así que sen unha encomia ou laudatio do nomeamento non vou apoiar este nomeamento.

É máis, e como tampouco me quero agochar, hai que recordar que este empresario estaba en primeira liña apoiando ao ex–alcalde o día que dimitiu como tal. Recordemos que fora imputado por presuntos delitos de suborno, prevaricación, malversación e branqueo de capitais.

O señor Barcala di que non ten un criterio claro sobre os méritos deste empresario; que a súa traxectoria é similar e común a doutros en Boqueixón. Segue dicindo o señor Barcala que ó seu entender non hai nada extraordinario, unicamente o de levar o nome de Lestedo máis alá das nosas fronteiras, característica que tamén se deu noutros moitos.

Pregunta o señor Barcala por qué non se inclúe ó señor Santos Couto que tamén se acordou no Pleno do 9 de maio de 2012 concederlle a medalla.

Pregunta, así mesmo, por qué se fai nestas datas próximas ás eleccións e se teñen que agradecerlle algo, algunha colaboración.

O señor Alcalde responde que o señor Santos Couto rexeitouna, e o señor Canabal di que se debería facer constar na proposta o motivo polo que non se lle da, e segue dicindo o señor Canabal que non apoia neste nomeamento ó que responde o señor Alcalde que no seu momento apoiouno e responde o señor Canabal que o fixo con condicións que agora no se dan.

O señor Barcala di que para el o señor Orlando é un empresario máis e sen embargo si está de acordo en darlla ó señor Santos porque si é unha persoa moi valorada e apreciada.

Respóndelle o señor Alcalde que esa é unha apreciación do señor Barcala e este di que si pois calquera que lle vai pedir axuda, concédella.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do PS de G e do Concelleiro non adscrito acórdase:

1. Celebrar unha sesión plenaria extraordinaria o 23 de agosto de 2014 ás 12:00 horas, para proceder á entrega da medalla de ouro a don Orlando Vázquez Fernández.
2. Comunicar este acordo a don Orlando Vázquez Fernández e solicitarlle a súa comparecencia en dita sesión.

#### **4.Designación nome do Centro Municipal Primeira Infancia**

Con motivo do décimo aniversario da Escola Infantil Municipal de Boqueixón, procede asignarlle un nome.

Por este, motivo publicouse na páxina web unha nota informativa de data 4 de febreiro, solicitando ós veciños a súa participación a fin de propoñer un nome podéndose presentar ditas propostas na Escola Infantil ou ben por correo electrónico. O cal se fixo ata o 31 de marzo.

Durante este período houbo un total de 16 votos, repartidos do seguinte xeito:

Raíña Lupa	6 votos
A Marela Tarabela	3
Agarimos	1
Andoriña	1
Filloeir@s do Pico	1
Lupiños	1
Os Ananiños	1
Os Bichiños	1
Os Nanos	1

Polo que se propón a denominación de “Raíña Lupa”.

O señor Canabal di que “Cada vez resúltame máis divertido ler as proposicións da Alcaldía.

Comeza esta:

*“Con motivo do décimo aniversario da Escola Infantil Municipal de Boqueixón, procede asignarlle un nome”.*

O que non sabemos certamente é se tendo 9 anos procedía ou non, ou se tendo 11 sen nome, a poden pechar por non estar bautizada.

Certamente, as proposicións así redactadas son moi divertidas. Neste caso felicitoos pola orixinalidade.

Pero tamén me gusta o procedemento. Teño que dicir que é casposo, cutre e porque non dicilo, friqui (que como vostedes saben é un anglicismo que vén da verba “freak”, que ben a significar monstro, becho raro...). E digo isto, porque me soa ao Festival da Eurovisión:

- A Raíña Lupa: 6 puntos.
- A Marela Tarabela: 3 puntos.

Hei de dicir que esta forma de asamblearismo que vostedes practican, faime moita gracia, e divírteme moito.

En fin, non sei a que vén o de bautizar a escola infantil municipal, mais se por ter 10 anos nos obriga a lei de onomástica do PP, non pechen o servizo, porque é fundamental. Póñanlle o nome que máis lles preste.

Tamén é verdade, e para rematar, que prefiro esta especie de asamblearismo de 16 persoas, a que bauticen os centros sociais cos nomes de Camilo José Cela, Claudio San Martín, Pedro Barrie de la Maza... xustificando que ían facer doazóns aos centros.

É o signo do “Galego: A Fundación Camiló José Cela en creba e o Conde de Fenosa, quedou sen Fenosa, e sen banco... E nós sen aportacións.

Agardemos que desta volta, non fagan á Raíña Lupa insolvente e que non teña que acudir a un concurso de acredores”.

O señor Barcala di que neste punto non ten nada de manifestar.

A señora García Fraga di que como foron os veciños os que así o decidiron, está de acordo con esta proposta.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención do PS de G e o Concelleiro non adscrito acórdase:

1. Que a Escola Infantil Municipal de Boqueixón pase a ser denominada Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.
2. Comunicar este acordo a Consellería de Traballo e Benestar.

## **5.Aprobación modificación presupostaria número 2**

Propónse a aprobación da segunda modificación presupostaria que foi informada favorablemente na Comisión de Contas do 4 de xullo deste ano, cos votos a favor do PP e en contra do PS de G e do Concelleiro non adscrito.

A continuación o señor Canabal di:

“Primeiro e antes de comezar. Felicitacións aos servizos de intervención do Concello pola exposición feita nesta modificación orzamentaria e polos datos aportados na Comisión Informativa. É importante sinalalo, posto que o Sr. Alcalde, ou ben se confunde, ou quere confundirse, non o sei, posto que lle parece que cando fago unha crítica ás contas, estou a facerllo aos funcionarios (e refírome á acta da Comisión de Contas de 28 de maio cando):

*“O Sr. Alcalde, dille ao señor Canabal que ao seu parecer as persoas encargadas da contabilidade deben ser uns inútiles”.*

Vaia pois por diante, que a crítica é en exclusiva para o Alcalde, para o equipo de goberno, e tamén, para a “situación herdada”, isto que tanto lle gusta a Rajoy e a Feijóo, aínda que aquí adoitase a correr un tupido velo do responsable e do seu inestimable “golfinho”... En fin, que quede claro.

Vou a tentar ser o máis sintético posible, para xustificar o meu voto contrario a esta modificación:

- En primeiro lugar: os despedimentos realizados no pasado ano no Concello ascenderon a 213.638,99 €. E aquí non hai responsables da política de contratación.
- As sentenzas que ditou a Sala do Social dos Xulgados de Compostela, concluíron as tres (as que houbo) que os contratos estaban todos realizados en fraude. Nunha administración Pública. É unha vergoña, e asemade, intolerable.
- Unha parte importante destes custos de despedimentos sufrágase en función da amortización de prazas do concello. É dicir, hai tres opcións: ou ben a partires de agora non prestamos os servizos, ou os prestamos en precario, ou ben existiu unha auténtica barra libre na política de contratación deste Concello.
- Outra parte dos custos de despedimentos sufrágase co convenio de Ramsa. É dicir, menos investimentos para pagar os despedimentos.
- Outra parte dos despedimentos sufráganse en función das derramas que non pagaremos no 2014 do SAUI-2. É dicir, non hai que pagalos este ano, empréganse para botar á xente, e o que veña detrás, que arree.
- Prohíbese a contratación de tres prazas de operarios consignadas. A isto me refiro cando fago referencias ao comando de demolicións da Moncloa e de San Caetano. Pero claro, facer unha limpeza racional de cunetas, beiravías, mantemento do patrimonio do concello... non é un caso excepcional ou prioritario. O prioritario deben ser outras cousas.
- Outra parte da modificación é no referido á aplicación informática para o reporte de incidencias nos servizos municipais. Para o reporte de incidencias nuns servizos municipais inexistentes ou en precario (porque temos que botar persoal). Chegaremos ao punto de ter unha aplicación informática, fermosa, pero non ter quen resolva o problema.
- O movemento asociativo do Concello está perfectamente financiado. Consignáronse 5.000 € para subvencións, concedéronse 800 € (400 foron para a Festa do Viño da Ulla), e 3.630 € van para a aplicación informática, para que os veciños e asociacións poidan recordarnos o desleixo do concello en materia asociativa e cultural.

Pois isto é no que consiste a modificación orzamentaria. É a constatación do fracaso dos gobernos municipais dos últimos 20 anos, ao que queda aínda algunha rabexada máis.

E non o di este concelleiro. Estanos vostedes a manifestar nestas proposicións. Fano a través das ordenanzas aprobadas, dos orzamentos aprobados no presente ano, na Conta Xeral do 2013 e tamén na presente modificación orzamentaria.

E cabréanse cando alguén ten a ousadía de estudar os datos, de expoñelos e de facer unha interpretación deles. Disque os insultan.

Supoño que non terán o cuallo de solicitarnos o apoio.

Recorran, como os seus xefes, “á herdanza recibida”. Porque este Concello estalle a arder nas mans (en sentido figurado, claro está).

O señor Barcala di que pasa sempre o mesmo, que levan anos dicindo que a elaboración do presuposto é fundamental para o correcto funcionamento do concello polo que temos que elaboralos con tempo suficiente, cousa que este ano xa se corrixiu en parte pero

sobre todo que sexan o máis axustados posible á realidade para que non teñamos que estar facendo constantemente modificacións, recoñecementos extraxudiciais de crédito e cambios de partidas presupostarias.

A pesares de que o ano pasado (segue dicindo o señor Barcala) tíñamos interpostas varias demandas xudiciais por despedimentos, que poderían ser declaradas improcedentes, non asignamos as correspondentes partidas para este fin e que sempre dixen que había moitas posibilidades de perder estas demandas como así aconteceu. E agora hai que facer fronte ós pagos destas demandas por despido improcedente cuns prazos de pago moi curtos e valéndonos de triquiñuelas presupostarias queremos saír do problema que se nos presentou por non ter feito ben as cousas.

Sen embargo, houbo sorte de que a empresa RAMSA ingresara 10.855,88 € dos cales se utilizan 7.885 € para facer fronte ó pago destas indemnizacións. De non ter este ingreso e non previsto ¿cómo se faría para aboar en prazo estas indemnizacións?

E por si todo isto fose pouco, houbo que contratar un avogado laboralista alleo posto que parece que o goberno municipal non se fiou da asesoría xurídica da Deputación Provincial co conseguinte incremento do gasto por mor da minuta deste avogado laboralista.

Por todo isto (segue dicindo o señor Barcala) e sobre todo porque o equipo de goberno en materia económica e presupostaria é un auténtico desastre, o meu voto é negativo.

Responde o señor Alcalde que efectivamente agradécese a achega de RAMSA pero precisamente esta foi unha xestión do equipo de goberno. Que as persoas que perderon o traballo, levaban moito tempo traballando e é xusto indemnizalas nese momento en que o perderon.

Di o señor Barcala que non estaba previsto no presuposto e responde o señor Alcalde que daquela non se sabía que non concederían as subvencións e agora (segue dicindo o Alcalde) aínda que non se poida contratar seguiremos prestando os servizos ós veciños.

O señor Barcala di que RAMSA leva moito tempo traballando e nunca ingresaron nada, e o señor Alcalde di que este ingreso foi un primeiro prazo pero terán que ingresar máis. Segue dicindo o señor Alcalde que agora tivemos que indemnizar por despedimentos persoal, pero que o señor Canabal sempre dicía que temos moito persoal, e o señor Canabal respóndelle que se el realmente dixo “temos” quería dicir “teñen”.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do PS de G e do Concelleiro non adscrito e tendo en conta os seguintes:

#### **Antecedentes:**

- 1- En cumprimento das sentenzas xudiciais ditadas polos Xulgados do Social, o concello tivo que aboar indemnizacións por importe de 213.638,99 €. Sen embargo a consignación presupostaria é de 70.000 € (partida 321.233).
- 2- Para a tramitación xudicial dos despedimentos do persoal laboral, o concello contou cos servizos dun avogado laboralista, ao cal se lle aboou uns honorarios de 2.500 € o cal non se tivo en conta no presuposto xeral municipal.



3- O concello contratou a instalación e mantemento dunha aplicación informática para reporte de incidencias nos servizos municipais por importe de 4.350 € máis IVE, dos cales neste ano 2014 aboaranse 3.000 máis IVE e 1.350 € durante os anos 2015 – 2016 e 2017 a razón 450 €/ano máis IVE.

4- Con data 20/02/2014 a xunta de goberno aprobou o convenio de colaboración coa empresa Rocas Arcillas e Minerais, SA (RAMSA), polo que dita empresa doará ao concello un CANON polo desenvolvemento da actividade.

Tal como se prevé no convenio o importe tería que destinarse á execución de obras, ademais de asinar 3.000 € para actividades culturais organizadas desde o Departamento de Cultura.

Con data 27 de xuño deste ano RAMSA ingresa na conta do concello 10.855,88 €, dos cales se destinarán 7.855,88 € ó aboamento das indemnizacións por despedimento.

Así mesmo, prevé o convenio que o canon aboarase en catro prazos e sendo este importe de 10.855,88 € o primeiro deste ano, polo menos quedará pendente un segundo importe o cal si se debería aplicar á execución de obras municipais. Non obstante, é necesario acordar este cambio de destino dos fondos posto que o convenio foi aprobado e o referido acordo e inmediatamente executivo tal como se establece no art. 51 da lei de bases de réxime local.

5- Na partida 332.226,99 do presuposto hai 13.500 € consignadas para aboamento derrama SAUI-2.

Sen embargo, segundo acordos acadados co SAUI-2, as dúas derramas pendentes de aboamento serán aboadas nos vindeiros anos a contar do 2015, polo que se terán que consignar con cargo aos presupostos deses anos. Consecuentemente, o importe dos 13.500 € destinarase ao aboamento das indemnizacións por despedimento.

6- No capítulo 1 do presuposto, quedaron vacantes dúas prazas, unha auxiliar administrativo (vacante por excedencia), outra de administrativo (por xubilación) e outra administrativo (por situación servizos na Xunta de Galicia). Ás dúas primeiras, vacantes dende xuño (incluído) e a terceira, dende xaneiro e continua vacante a esta data.

Consignáronse no presuposto, tres prazas de operarios, que debido a prohibición para contratar persoal (salvo casos excepcionais, prioritarias e urxentes), seguen vacantes.

Polo que estes importes destinaranse ao aboamento das indemnizacións por despedimento.

7- Na partida 363.480 consignáronse 5.000 € para subvencións. A esta data concedéronse dúas por importe de 400 cada unha, polo que quedan 4.200 €, dos cales 3.630 € se prevén asignar ao aboamento da aplicación informática contratada.

8- O pleno celebrado o 14 de maio 2014, acordou cancelar préstamo bancario no importe correspondente ao superávit do 2013, que foi de 162.014,41 €.

Con isto, a amortización do préstamo descende en 2.793,35 €/trimestre. Polo tanto, nos dous trimestres pendentes de amortización deste ano, será de 11.095,54 € o cal supón 5.586,70 € menos (nos dous trimestres).

Tendo en conta que a consignación presupostaria prevista é dos 13.889 €/trimestre, pódense destinar os 5.586,70 € a complementar a partida 921.226 da cal se aboarán os honorarios do avogado.

**Consideracións xurídicas:**

1) Os artigos 172 e seguintes do texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, regulan os créditos presupostarios e as súas modificacións.

Aprobada inicialmente a modificación expoñerase ao público, previo anuncio no BOP e taboleiro de edictos, no prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións ao pleno.

Se durante este prazo non se presentan reclamacións a modificación quedará definitivamente aprobada, en caso contrario, o pleno dispón dun mes para resolvelos.

2) O artigo 22.2 e) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local establece que o órgano competente para a aprobación da modificación do presuposto é o pleno.

3) A base número 10, das bases de execución do presuposto, en canto ás transferencias de crédito establece no apartado 3 que corresponde ao pleno cando se trate de transferencias entre distintas áreas de gasto.

Neste caso as transferencias se efectúan en parte entre diferentes áreas de gasto polo que corresponde ao pleno a súa aprobación.

O Pleno da corporación acorda:

**PRIMEIRO** – Transferir ás seguintes partidas presupostarias deficitarias os seguintes importes que a continuación se detallan:

Á partida	Transferencia	Total partida	Da partida	Crédito existente	Crédito restante
921.233	18.367,63	206.626,71	921 ; 12,16	210.250,44	164.200,87
	27.681,94			222 ; 12,16	69.787,65
	12.559,86		411 ; 12,16		64.517,28
	21.505,76				
	21.505,76				
	21.505,76		332.226	13.500,00	0,00
13.500,00	363.480	5000,00	1.370,00		
921.222	3.630,00	18.630	011.913	55.556,00	49.969,30
921.226	5.586,70	8.586,70			

**SEGUNDO** – Incrementar as seguintes partidas cos ingresos obtidos de RAMSA:

Á partida	Transferencia	Total partida
921.233	7.855,88	214.482,59
351.226,00	3.000,00	108.849,27

TERCEIRO- Resumo modificación presupostaria:

**A – Transferencias:**

Indemnizacións	136.626,71 €
Contratos servizo	3.630,00 €
Avogado	5.586,70 €

**B – Suplemento ingresos (RAMSA)**

Indemnizacións	7.855,88 €
Actividades culturais	3.000,00 €

CUARTO – Con estas modificacións o presuposto de ingresos e gastos quedará como se detalla:

INGRESOS					GASTOS				
Cap.	Inicial	Incre mento	Dimi n.	Definit.	Cap.	Inicial	Incre mento	Diminución	Definit.
1	655.917,00			655.917,00	1	1.176.537,47		123.126,71	1.053.410,76
2	6.000,00			6.000,00	2	1.074.000,00	143.199,29		1.217.199,29
3	350.000,00	10.855,88		360.855,88	3	14.000,00			14.000,00
4	1.402.442,47			1.402.442,47	4	29.500,00		3.630,00	25.870
5	1.234,00			1.234,00	5				
6					6	696.032,20			696.032,20
7	630.032,20			630.032,20	7				
8	3.000,00			3.000,00	8	3.000,00			3.000,00
9					9	55.556,00		5.586,70	49.969,30
<b>Tot.</b>	<b>3.048.625,67</b>	<b>10.855,88</b>		<b>3.059.481,55</b>	<b>Tot.</b>	<b>3.048.625,67</b>	<b>143.199,29</b>	<b>132.343,40</b>	<b>3.059.481,55</b>

**6.Informe morosidade primeiro trimestre 2014**

Dáse conta do seguinte informe de morosidade correspondente o primeiro trimestre do 2014:

A) Detalle de pagos realizados e pendentos de pago da entidade .

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados no trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
<b>Gastos en Bens Correntes e Servizos</b>	27,9029	29,90860	256	164.726,36	14	77.742,99
<b>Aplicados a Presuposto (Cap. 2) por artigos</b>	27,9029	29,90860	256	164.726,36	14	77.742,99
20.- Arrendamentos e Canons						
21.- Reparación Mantemento e Conservación	25	30	68	92.141,44	4	9.557,39
22.- Material Subministro e Outros	30	30	183	50.520,20	7	67.475,20
23.- Indemnización por razón del servizo	30	20	5	22.064,72	3	710,40
24.- Gasto de publicacións	0					
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0					
27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0					
2.- Sen desagregar	0					
Pendientes de aplicar ao Presuposto						
<b>Inversións reais</b>	30	0	10	50.818,03	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	30	0	10	50.818,03		
Pendientes de aplicar a Presuposto						
<b>Outros pagos realizados por operacións comerciais</b>	0	0	0	0,00	0	0,00

Aplicados a Presupuesto						
Pendientes de aplicar a Presupuesto						
<b>Sen desagregar</b>	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto						
Pendientes de aplicar a Presupuesto						
<b>TOTAL pagos realizados en el trimestre</b>	<b>28,2662</b>	<b>29,9086</b>	<b>266</b>	<b>215.544,39</b>	<b>14</b>	<b>77.742,99</b>

Intereses de demora pagados no trimestre	Intereses de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Corrientes en Bens e Servicios		
Inversións reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
<b>Total</b>	0	0,00

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendentes de pago a final do trimestre			
			Dentro período legal pago a final do trimestre		Fora período legal pago a final do trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
<b>Gasto en Bens Corrientes e Servicios</b>	18,1981	0	18	25.576,72	0	0.00
20.- Arrendamentos e Canons						
21.- Reparación Mantemento e Conservación	20		6	16.359,24		
22.- Material Subministro e Outros	15		12	9.217,48		
23.- Indemnización por razón do						

servizo						
24.- Gasto de publicacións						
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro						
27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas						
2.- Sen desagregar						
Inversións reais	20		3	1.547,35		
Outros pagos realizados por operacións comerciais						
Sen desagregar						
<b>TOTAL operacións pendentes pago final trimestre.</b>	<b>18,3009</b>	<b>0</b>	<b>21</b>	<b>27.124,07</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>
<b>Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con máis de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)</b>	<b>Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)</b>	<b>Pendientes de recoñecemento obrigas</b>				
		<b>Número</b>	<b>Importe total</b>			
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0	0,00			
Inversións reais	0	0	0,00			
Sen desagregar	0	0	0,00			
<b>Total</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>			

B) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

### **I.- NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

### **II.- CONSIDERACIÓNS**

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítase o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que:

*Entre el 1 de enero de 2014 y el 31 de diciembre de 2014, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato”.*

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xaneiro e 31 de marzo de 2014 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	266	14
Importe total	215.544,39	77.742,99

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. ( art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	21	0
Importe total	27.124,07	0

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación ( art. 5º.4 Lei 15/2010):

**Número de operacións: 0**

**Importe total: 0**

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

### III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Do cal se dan por enterados.

### 7.Moción número 1100 do PS de G

Moción número 14/1100 presentada polo PS de G instando á Xunta de Galicia a derogación do apartado c do artigo 41, da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

O grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE do Concello de Boqueixón, en aplicación do disposto no regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta diante do Pleno da Corporación a seguinte moción relativa a instar á Xunta de Galicia a derogación do apartado c do artigo 41, da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

“As comisións de festas teñen sido historicamente en Galicia o instrumento que tradicionalmente teñen creado os veciños para organizar as festas das súas parroquias ou barrios. Calquera que tivera contacto con unha delas sabe o moito esforzo e altruísmo que aportan seus compoñentes á hora de facer realidade as necesidades festivas dos seus pobos; sendo un exemplo claro de colaboración e participación cidadá á hora de atender demandas colectivas.

Neste contexto, o pasado día 27 de decembro, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2013, do 19 de decembro, denominada “**do emprendemento e da competitividade de Galicia**”. Nesta disposición legal inclúese unha nova regulación para a concesión de licenza a determinadas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas, e ó seu tenor, no artigo 41, letra c) sinálase que será precisa a obtención de licenza para “**a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e , en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles**”.

Este artigo afecta directamente, e dun xeito moi negativo, á labor que desenvolven as comisións de festas, que vense obrigadas a levar a cabo uns trámites administrativos complexos e custosos diante dos concellos á hora de organizar, baixo criterios de estricta legalidade, as festas locais, o que dificulta a súa labor, xa de por si complicada.



Baste dicir que se lles obriga a presentar un proxecto, asinado por técnico competente, no que se determine o axuste das festas á normativa urbanística e sectorial, e que estableza determinacións sobre prevención e seguridade en incendios. Tamén teñen que presentar, entre outra documentación, plan de emerxencias, plan de auto protección, estudo de mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria. ( art. 42 da sinalada lei).

Nin que dicir ten que, a Xunta de Galicia ó impoñer estas obrigas, manifesta o seu descoñecemento da realidade das festas parroquiais e de barrio no noso País, así como do xeito de organizarse e traballar das comisións veciñais de festas, e pon en moi serio perigo a continuidade destes actos festivos populares.

Mais alá deste inxente prexuízo ós cidadáns, non é menor o que se lle causa ós sectores profesionais que se moven ó seu redor: orquestras e grupos musicais, axentes de espectáculos, feirantes, empresas de atraccións de feira, hostalaría local, etc.

Esta é unha clara mostra dunha disposición legal innecesaria que, como nos ten acostumados a Xunta de Galicia con moitas das súas normas, non só non resolve problema algún, senón que directamente crea un de enorme trascendencia.

Por último non podemos menosprezar os efectos negativos que xera esta norma a gobernos municipais e ás súas estruturas administrativas, que se están vendo obrigados a aplicar unha disposición a todas luces innecesaria e impopular, cargándose, en tempos de penuria das arcas municipais, de mais traballo e custos.

**Por todo o anterior o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA – PSOE presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:**

1º Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a adoptar medidas precisas para a **modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro**, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no **artigo 41, apartado c)**, no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.

2º Dar traslado do presente acordo ós grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ó acordado neste punto ”.

O señor Canabal di : Vou a votar a favor desta moción.

Creo que está ben explicada na exposición de motivos, mais quero facer unha matización.

Un mortal coma min, que vive en Lestedo, que participa na vida asociativa, tamén teño participado en comisións de festas, pero o dito, para unha persoa normal, étranlle dúbidas se á xente, unha vez chegado ao complexo de San Caetano, escoitará voces do Alén.

Existen teorías que manifiestan que os presidentes comezan a escoitar voces a partires do segundo mandato. Nunca acreditei nesta teoría, mais co paso dos anos comezo a ter as miñas dúbidas.

E os decretos e leis que se elaboran son a constatación disto. Porque ou ben os directores xerais e persoal do gabinete son “extraterrestes”, ben o caleamento das paredes fai que sintan alucinacións, ou ben, sinxelamente, e ao igual que Cristo, “non son de este mundo”.

A actual Xunta estase a especializar en crear problemas, regular eses mesmos problemas que crean, e escarallar todo o que tocan. Neste aspecto, case que se agradece o “laissez faire” o “deixen facer, deixen que pase”.

Neste caso en concreto, explicado queda na moción, moción á que dou o meu apoio.

O señor Alcalde di que só se esixe seguro, boletín eléctrico , ITV e pouco máis, aínda que si é máis esixente se se excede de 20.000 persoas.

O señor Barcala di que hai que presentar un proxecto e o Concelleiro Santasmarinas Devesa di que é suficiente unha memoria.

O señor Alcalde di que apoian esa moción, polo que por unanimidade apróbase a moción número de rexistro de entrada 14/1100, presentado polo PS de G

## **8. Información da Alcaldía**

Dáse conta dos decretos que tiveron lugar desde o 12/05/2014 ata o 4/07/2014, do que se dan por informados.

## **9. Moción urxente**

O señor Canabal Fernández presenta unha moción relativa á revisión das ponencias de valores catastrais en relación coa sentenza do Tribunal Supremo do 30 de maio de 2014.

O señor Alcalde di que parece interesante pero non tivo tempo de ler e estudar esta moción posto que foi presentada neste intre polo señor Canabal polo que decídese proceder co rexistro da mesma e será estudada e no seu caso debatida na próxima sesión plenaria ordinaria.

## **10. Rogos e Preguntas.**

O señor Canabal fai os seguintes rogos:

### ROGOS

#### A) Contrato de abastecemento e saneamento de auga.

No pasado pleno de maio facía referencia á problemática existente no abastecemento de auga, facendo referencia a unha moción aprobada por este pleno o 14 de novembro de 2012. Non quero facer outra vez referencia a toda a problemática, porque está dito.

Nas últimas semanas, como concelleiro da corporación tiven a ocasión de reunirme en dúas ocasións co representante da empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga e saneamento.

Asemade, tiven a ocasión de facer un pequeno repaso das contas aportadas pola empresa dos custos do servizo, e da súa conta de explotación. Con moita sorpresa puider darlle conta:

- Non coinciden as cifras nin de ingresos nin de datos.
- Existen imputados ao servizo custos laborais de persoal afecto ao servizo de 35 días ao mes sen coincidir tampouco as contías cos custos laborais asociados ás nóminas.
- Impútanse como custos (e desimpútanse despois) unha achega de 200 € para as festas de Pousada, que curiosamente ten asinado o recibo o funcionario de Vías e Obras deste Concello.
- Existen imputados vehículos propios (furgonetas) a 20 €/hora, que é un auténtico disparate.
- Existen outras moitas diverxencias.

É dicir, os concelleiros desta corporación, e por extensión, tamén os traballadores deste concello encargados de supervisar a concesión administrativa, non teñen acceso a datos fiables da empresa, e non podemos coñecer con exactitude os custos de ambos servizos. É dicir, visto os datos é moi probable que poida existir “presunta falsificación contable” polo que teremos que solicitar uns datos contables claros ou do contrario non queda outra que resolver a concesión de ambos servizos.

E rogo que llo transmitan tamén á empresa concesionaria.

Di a Secretaria-Interventora que están revisando os datos e o balance someterase, no seu momento, á aprobación plenaria.

#### B) Sobre a apertura do Tanatorio Municipal.

Vimos estes días na prensa que na Xunta de Goberno do pasado 3 de xullo, se concedera a licenza de municipal de apertura ao Tanatorio Municipal.

Tendo en conta que hai presentado un Contencioso – Administrativo por considerarmos irregulares tanto a concesión como a licenza de obra, e tendo en conta que tamén solicitamos medidas cautelares, que deberan ser resoltas en breve tempo, consideramos que sería de senso común agardar a dar a licenza cando se pronunciaran os tribunais.

O señor Barcala fai os seguintes rogos e preguntas:

#### ROGOS:

**1.** Rogo, este xa reiterado, que se dote a todas as parroquias do noso concello, que aínda non dispoñan de liñas ADSL, sobre todo á parroquia de Lestedo que é a máis poboada e a que peor cobertura ten. Xa fixen esta petición na sesión plenaria do mes de marzo e ata este intre non teño resposta do que se fixo. Quixera que o señor Alcalde me dixera que trámites leva feitos a este respecto a día de hoxe, se é que fixo algún.

Quero expoñer ante esta corporación , que hai varias empresas que se queren establecer no noso concello, pero visto que non dispoñen das correspondentes infraestruturas de telecomunicacións, están pensando en trasladarse a outro concello, coa correspondente mingua de postos de traballo e beneficios.

O señor Alcalde dille que lle informará por escrito.

2. Rogo que se solicite á Xunta de Galicia, concretamente á COTOP, que de forma urxente se proceda á reparación da estrada de Rodiño a Sar-Santiago, porque máis ben semella unha corre道ira do século XII que a unha estrada do século XXI.

O señor Alcalde di que na Xunta saben como está pero nin este ano nin o próximo será arranxada posto que non hai fondos.

3. Rogo que se reparen as infraestruturas turísticas do Pico Sacro, as cales están totalmente abandonadas e corre perigo de producirse algún accidente.

Coméntanme veciños que os pasamáns, as varandas, están caendo. Esta semana visitou o Pico unha excursión de turistas ingleses da terceira idade e daba pena ver os traballos que pasaban para acceder e pasear polo contorno paisaxístico do Pico.

Di o señor Alcalde que Patrimonio non o permite e polo tanto o pasamáns non se pode arranxar.

## PREGUNTAS

1. Na Xunta de Goberno do 3 de xullo do 2014 aprobouse a certificación número 1 da obra denominada “Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros”, por importe de 76.019,59 euros, así como a correspondente factura número 51/2014 emitida o 25 de xuño de 2014 polo mesmo importe que a certificación.

Esta obra está moi preto da miña casa, polo tanto teño a obriga de coñecela ben, e vexo que alí non se fixo máis que botar unha pouca grava de bacheo, pero non se limparon as cunetas nin se fixo nada do proxecto de obra. Gustaríame ver a certificación do técnico competente para examinalo e ver se se axusta o alí feito. Isto que acontece con esta obra é extensible a outras máis do concello, por non dicir que a case todas. Existe un cabreo xeneralizado manifestado por varios veciños do concello sobre da reparación e obras das pistas municipais, na que algún xa manifestou, incluso con empregados das empresas adxudicatarias, que evidentemente non teñen a culpa os seus traballadores nin poden solucionar este problema.

¿Vanse revisar estas obras ou temos que recorrer a outras instancias para arranxar este problema?

Responde o Alcalde que as obras sempre as revisa o técnico de Estudio Técnico Gallego.

Neste caso débese ter en conta o que reflicte o proxecto, que nuns casos prevé só bacheos e noutros bacheos e aperturas de gabias e incluso nalgúns camiños tratamento asfaltado.

E isto fíxose así no proxecto e así foi aprobado e enviado á Deputación que é quen o financia (125.217,20 €)

Pode comprobar tanto a certificación coma o proxecto.

2. Con respecto o campo de fútbol e polideportivo municipal do Forte ¿Existe un rexistro das persoas que o usan , así como das cantidades que aboan polo seu disfrute? ¿As tarifas son as mesmas para os veciños de Boqueixón que para os que non o son?

Responde a Concelleira de Educación, Cultura e Deportes: “por suposto que se leva un control dos usuarios e en canto ós ingresos tamén se controlan posto que se fan directamente na conta do concello.

Respecto ás tarifas, son as que se fixan na ordenanza para o pavillón:

Empadroados: só pagan consumo de enerxía eléctrica

Non empadroados: ademais da enerxía eléctrica pagan pola utilización do pavillón.

3. Estado das beirarrúas e da zona peonil da Ponte Vella de Ledesma. Pedras partidas, lastros levantados, maleza colgando da Ponte Romana, etc.

¿Vaise facer algo para separar esta zona turística tan descoidada?

Responde o señor Alcalde: “xa foi arranxada e as pedras estaban perfectamente colocadas aínda que neste momento xa non están.”

O señor Barcala di que nestes casos deberíase comunicar á Garda Civil e responde o señor Alcalde que tamén o pode facer él.

4. Hai un escrito dos veciños do lugar de Sucira, que sinala “*Que proceda á ampliación total da pista denominada LUGAR DA CARBALLEIRA, situada na zona de Sucira. Dita pista figura no polígono 4 da concentración parcelaria, correspondente ás parroquias de Codeso e Pousada. Así mesmo pódese ver que nos bosquexos dos correspondentes títulos de propiedade o terreo marcada e destinado para levar a cabo a solicitada ampliación. Polo tanto non vemos motivo ningún para que non se poida realizar á ampliación xa que o terreo existe para tal fin e que no seu momento nos foi descontado das nosas propiedades a todos os veciños.*

*Nas fotografías que se achegan o presente documento pódese apreciar que no asfaltado da pista, por un lado aproveitase ata o muro existente e por outro lado déixase marxe enorme sen asfaltar e desaproveitando unha cantidade de terreo público, moi importante para o tráfico rodado de todo tipo.*

*Recentemente, o equipo de goberno, que vostede preside procedeu ó asfaltado da mencionada pista, pero non á apertura total de cunetas e ampliación, polo que consideramos que tal vez esta obra non estea totalmente concluída, de ser así, rogamos que de forma urxente, atenda a nosa petición, para evitar sobre custos na mencionada obra”.*

Responde o señor Alcalde: “Foi a concentración parcelaria quen deixou así o camiño. O propietario da finca ten feito o muro desde hai moito tempo, polo que de ampliar o camiño quedaría en forma de “L” e ademais tería que autorizar o propietario a ampliación, no caso de ampliar todo o camiño.

O concello non o fixo porque non se incluía no proxecto e isto é debido a que non tiña coñecemento desa situación do camiño.

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e Prace  
O Alcalde